

Por mor das dúbidas xurdidas sobre a documentación que debe presentarse xunto coas solicitudes de validación de estudos estranxeiros, estímase conveniente aclarar e precisar o seguinte:

1.- Os alumnos deberán presentar xunto coa solicitude, orixinal ou copia legal en España do certificado académico que acredite os estudos superados na universidade de orixe, así como os programas das materias.

2.- Para que o certificado teña validez debe estar legalizado por vía diplomática. Exímese da dita legalización os documentos expedidos nos países da Unión Europea, así como en Islandia, Liechtenstein e Suiza.

3.- O dito certificado debe estar redactado en galego ou castelán, ou ben ir acompañado da correspondente traducción oficial.


4.- Admitiranse, para os países relacionados no punto 2, as novas certificacións ECTS (ECTS Transcript of Records), sempre que un dos idiomas nos que estea redactada sexa o castelán.

5.- Os programas das materias non é preciso legalizalos por vía diplomática, nin traducilos ó castelán ou o galego, por ser simples elementos de xuízo para as comisións académicas. Serán estas as que, de consideralo necesario, solicitarán a traducción, ampliar a información dalgunha materia en concreto, ou calquera outra aclaración.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2004

O XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA




Ramón García Rei